



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 30 de xullo de 2020.
2. Aprobar o Plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso académico 2020-2021 na Facultade de Dereito, coa incorporación das modificacións indicadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e algunha adaptación adicional.
3. A designación da profesora Dra. Susana Álvarez González e do profesor Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez como titores das prácticas externas do Grao en Dereito no curso académico 2020-2021.
4. A designación, consonte aos criterios sinalados no Regulamento para a elaboración do TFG en Dereito, do tribunal avaliador dos Traballos de fin de grao para o curso académico 2020-2021:

Tribunal titular:

Presidenta: Ana María Tobío Rivas, Catedrática de Dereito Mercantil
Vogal: Prof. Dr. J. Agustín González-Ares Fernández, Contratado Doutor de Dereito Constitucional
Secretaria: Prof. Dra. María Dolores Fernández Fustes, Contratada Doutora de Dereito Procesual

Suplentes:

Prof. Dra. Mónica Siota Álvarez, Contratada Doutora de Dereito Financeiro e Tributario
Prof. Dr. Pablo Raúl Bonorino Ramírez, Catedrático de Filosofía do Dereito
Prof. Dr. Miguel Ángel Michinel Álvarez, Titular de Dereito Internacional Privado

5. Aprobar a relación do profesorado que no curso académico 2020-2021 cumpre os requisitos para ser titor ou titora do Traballo de Fin de Grao e autorizar a titorización polos profesores D. José Abundancia Domínguez, D. Roberto Couto Calviño, D. José Mosquera Casero e D.^a Natalia Torres Cadavid, previa solicitude expresa dos interesados
6. Respecto aos Traballos de fin de grao do alumnado que participa en programas de mobilidade ou intercambio:
 - a) Que, a instancia do alumno que participa no programa de mobilidade ou intercambio, poida asignarse directamente como persoa titora do TFG ao profesor da Facultade de Dereito proposto por el mesmo, previo coñecemento e aceptación da titorización, sen aplicar o procedemento previsto no art. 3.8 do Regulamento.
 - b) Que, en relación coa avaliación do TFG polo Tribunal designado para o curso académico que corresponda e o desenvolvemento da defensa pública ante o devandito tribunal, se aplique ao alumnado que participa no programa de mobilidade ou intercambio os arts. 8 e 9 do Regulamento, salvo que conorra algunha circunstancia excepcional que, previo acordo da Comisión Permanente e a solicitude do interesado, poida xustificar a defensa individual do traballo ante a persoa titora asignada.
7. Delegar na decana da Facultade a inclusión das actividades que procedan na solicitude de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural.

8. A designación dos membros do tribunal do Premio Extraordinario de Grao correspondente ao alumnado que rematou os seus estudos no curso académico 2019-2020:

Presidenta: Prof. Dra. Marta Fernández Prieto
Vogal: Prof. Dra. Francisca Fernández Prol
Secretaria: Prof. Dra. Susana Álvarez González

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 30 de setembro de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 1 de outubro de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.